



Circular nº 4/2014

Estimados compañeiros:

De acordo co artigo 11 do RD 980/2013 de 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012 de mediación en asuntos civís e mercantís, será requisito previo para o nomeamento de **mediador concursal**, conforme ao establecido no artigo 233.1 da Lei Concursal, a inscrición no *Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, Sección 2ª* do *Ministerio de Xustiza*.

O CGAE está colaborando coa DGRN na posta en marcha e funcionamento do *Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación*, centralizando os datos que por parte dos colexios se lle envíen de aqueles avogados que queiran darse de alta en dito Rexistro. A finalidade deste canle de comunicación entre o CGAE e a DGRN é que a información enviada sirva como soporte para poder verificar a veracidade dos datos, pero non evita o trámite de solicitude individual que debe realizar cada interesado na sede electrónica do Ministerio de Xustiza.

No Colexio, creouse o Rexistro especial de Mediadores Concurtais, no que podedes inscribivros tamén, se así o solicitades, permitindo desta forma o envío de datos por parte do Colexio ao CGAE.

Recordámosvos que os requisitos legais para ser considerado **mediador concursal**, de acordo coa Lei Concursal, a Lei de Mediación de Asuntos Civís e Mercantís, e o regulamento que a desenrola son:

- a) Ser avogado en exercicio con 5 anos de experiencia profesional efectiva no exercicio da avogacía, que acredite formación especializada en dereito concursal, e
- b) Contar con formación específica para exercer a actividade de mediación cunha formación mínima de 100 horas de docencia, das que un 35% deberá ser de nivel práctico.

Igualmente as **persoas xurídicas** que cumpran o previsto no artigo 27.1 da Lei Concursal, poderán inscribirse no Rexistro, concretando as persoas naturais que por figurar inscritas nas seccións primeira (mediadores) ou segunda (mediadores concursais) do *Rexistro de Mediadores e Institucións*

de Mediación do Ministerio de Xustiza, poidan desenvolver a actividade de mediación en representación da persoa xurídica.

En canto aos **mediadores en asuntos civís e mercantís**, cuxa inscrición no citado Rexistro do Ministerio non é obrigatoria para exercer a actividade de mediación, poderán inscribirse no Rexistro de Mediadores do Colexio, pero se desexan inscribirse no Rexistro do Ministerio de Xustiza, deberán solicitalo individualmente na súa sede electrónica.

Aqueles colexiados que xa teñen solicitado a inscrición no Rexistro de Mediadores do Colexio, recibirán en próximas datas a resposta á súa solicitude.

Nos consta que son moitos os problemas que están xurdindo, tanto técnicos como conceptuais e de interpretación, nos trámites da inscrición na sede electrónica do Ministerio de Xustiza. Xa nos comunicou o CGAE que a *Dirección General* está traballando para solventalos, tratando de que en breve prazo o sistema poida funcionar de modo máis operativo, áxil e sinxelo.

Trátase, en calquera caso, de problemas alleos ao Colexio, xa que a xestión do Rexistro corresponde única e exclusivamente á *DGRN*.

Vigo, 15 de abril de 2014.

A Xunta de Goberno,